

## Exposición temporal “2016, Ano Internacional dos Legumes”

*Organizada polo Museo de Historia Natural da USC en colaboración coa Concellaría de Medio Ambiente e Convivencia do Concello de Santiago de Compostela*

Nesta exposición móstranse legumes diferentes, ordenados por especies representativas de cultivos que na actualidade ou noutros tempos houbo en Galicia. A exposición no interior do museo contén sementes de fabas, garavanzos, lentellas e chícharos, acompañados de fichas explicativas das plantas que os producen e a historia do seu cultivo. No exterior pódense observar exemplares das plantas produtoras destas sementes.

Faise fincapé nos problemas dos nomes dos legumes de tipo “faba”, xa que hai tres especies da familia das leguminosas que dan “fabas” de formas e usos semellantes pero de orixes, características e historias moi diferentes.

